

#### **ACTIVIDADE TRATAMENTO:**

#### **24. XUNTA ELECTORAL DE GALICIA**

#### **RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia. [http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

[pdcp@parlamentodegalicia.gal](mailto:pdcp@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono: 981 551 300

#### **DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS**

Letrada do Parlamento de Galicia, D<sup>a</sup> María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: [dpd@parlamentodegalicia.gal](mailto:dpd@parlamentodegalicia.gal)

#### **BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO**

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPD).

#### **FINS**

Xestión da Xunta Electoral de Galicia. Trátase do órgano da Administración electoral, de carácter permanente, que ten por cometido garantir a obxectividade e transparencia do proceso electoral e o principio de igualdade das entidades políticas que concorren a un proceso electoral. A custodia da súa documentación

corresponde á Secretaría da Xunta Electoral, que recae na figura do Letrado Maior do Parlamento de Galicia ( arti. 15.2 da Lei 8/1985, de 13 agosto de eleccións ao Parlamento de Galicia. O Parlamento tamén ten coma función dispoñer dos medios persoais e materiais para o exercizo da súa función (art.16 Lei 8/1985).

### **CATEGORÍAS DE INTERESADOS**

Membros da Xunta Electoral de Galicia. Persoas relacionadas cos órganos da Xunta Electoral, e representantes legais para a presentación de candidaturas ante dita Xunta.

### **CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS**

*Datos persoais:* Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico.

Outros : Entidade ou organismo, cargo.

Documentación electoral: censo.

Datos económicos: datos bancarios e tributarios.

### **DESTINATARIOS**

Non está prevista cesión de datos. Agás nos casos que sexa necesario para a Administración electoral, a Administración de Xustiza, Administración pública con competencia na materia, e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Nas circunstancias que concorran implicacións económicas cederanse os datos nos casos previstos legalmente, así como ás entidades bancaria na que dispón conta o interesado e, se é o caso, á AEAT.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

## CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse os datos conforme aos prazos estipulados por lei.

## MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

**Avaliación de risco:** As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real Decreto 951/2015, de 23 outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010.

**Responsable de seguridade TIC:** Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

**Procedementos e sistemas de seguridade:** conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.